

e) A xestión da subministración de material de oficina, imprenta e consumibles informáticos, e demais subministracións que sexan necesarias, incluíndo os gastos de auga, electricidade, combustibles, seguros, etc.

f) As demais funcións que, incluídas no ámbito respectivo, lle sexan asignadas.

4.2.2. A Área xurídica ten encomendada a realización das seguintes funcións:

a) O asesoramento a todos os órganos da Axencia Galega de Emerxencias en materia legal e a de informar, cando se lle solicite, sobre a adecuación á legalidade de calquera actuación que vaia acometer a Axencia Galega de Emerxencias.

b) A elaboración dos estudos e informes que lle sexan encomendados.

c) O estudo, tramitación e, se é o caso, a elaboración dos anteproxectos e proxectos de disposicións de carácter xeral, cando así se lle encomende, así como elaborar as propostas de informe de legalidade, acerto e oportunidade das disposicións de carácter xeral que deban recibir informe do/a xerente.

d) O estudo, tramitación e elaboración das propostas de resolución das reclamacións e recursos formulados contra os actos e resolucións emanados dos distintos órganos da Axencia Galega de Emerxencias, cando aquelas non estean atribuídas a outros órganos desta, así como a coordinación dos órganos que interveñan na súa tramitación.

e) A tramitación dos requirimentos e peticións formulados á Axencia Galega de Emerxencias polos xulgados, tribunais, o Defensor do Pobo, o Valedor do Pobo e outros órganos e institucións.

f) A coordinación, para a súa remisión e correspondente publicación no *Diario Oficial de Galicia*, das disposicións e actos administrativos que teñan que ser publicados.

g) O rexistro, arquivo e custodia das disposicións xerais emanadas da Axencia Galega de Emerxencias ou dos seus centros directivos.

h) A proposta de compilacións e refundicións das normas emanadas da Axencia Galega de Emerxencias, así como a realización dos estudos previos para efectuar as recompilacións legais ou xurisprudenciais.

i) Coidar que se lles faciliten aos letrados encargados da defensa xurisdiccional todos os antecedentes que constan na Axencia Galega de Emerxencias.

j) Asistir ás mesas de contratación e ás sesións dos órganos colexiados cando así o estableza a normativa aplicable.

k) Participar, por pedimento do órgano competente, na redacción de textos normativos da Axencia Galega de Emerxencias.

l) As demais funcións que, incluídas no ámbito respectivo, lle sexan asignadas.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os postos de traballo comprendidos na relación de postos de traballo da Dirección Xeral de Protección Civil que de seguido se relacionan, e o persoal funcionario e laboral que na data de Constitución da Axencia Galega de Emerxencias os ocupase, adscribiranse á Axencia, tendo dereito a manter a mesma situación administrativa, antigüidade e grao.

Código posto	Denominación
PR.C10.00.002.15770.010	Xef. Servizo Xestión do Sistema Resposta á Emerxencia
PR.C10.00.002.15770.030	Xef. Servizo de Loxística e Tecnoloxía das Emerxencias
XU.C05.00.000.15770.102	Xefe Sala Central de Emerxencias 112 SOS Galicia
XU.C05.00.000.15770.101	Xefe/a Sala Central de Emerxencias 112 SOS Galicia
XU.C05.00.000.15770.100	Xefe/a Sala Central de Emerxencias 112 SOS Galicia

Segunda.-En virtude do previsto no artigo 11.1º letra e) do Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Emerxencias, a Xerencia procederá a elaborar o cadro de persoal da Axencia Galega de Emerxencias.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta de decembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para a instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguranza industrial.

A Orde do 27 de decembro de 2000, da Consellería de Industria e Comercio, establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguranza industrial.

Desde a súa publicación, e como consecuencia da aprobación e entrada en vigor de novos regulamentos que afectan a seguranza industrial, modificáronse as condicións sobre determinados carnés profesionais e empresas autorizadas nesa materia.

Así, o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, establece novos requisitos para os profesionais acreditados para realizar, manter e reparar estas instalacións, para as empresas instaladoras, mantedoras e para as entidades de formación de profesionais nas instalacións térmicas dos edificios, que fan necesario modificar a mencionada Orde do 27 de decembro de 2000.

Ao mesmo tempo cómpre modificar o artigo 12 da orde para facilitar que as empresas acreditadas en calquera provincia da nosa comunidade autónoma poidan exercer a súa actividade en toda Galicia sen teren que realizar comunicación ningunha nas provincias distintas á de orixe.

Para a elaboración desta norma tivéronse en conta os preceptos e as condicións precisas do réxime de autorizacións establecido na Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa os servizos no mercado interior (DOUE L376, do 27 de decembro).

De conformidade coa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza, os obxectivos de saúde pública, a protección dos consumidores, a sanidade animal e a protección do ambiente urbano constitúen razón imperiosa de interese xeral que permiten xustificar a aplicación de réximes de autorización e outras restricións.

Os requisitos do procedemento de autorización de empresas a que se refire o artigo 4 desta orde cumpren coas condicións e criterios establecidos nos artigos 9 e 10 da referida Directiva 2006/123/CE. O acceso á condición de empresa autorizada non se ve supeditada ao cumprimento dos requisitos prohibidos no artigo 14 da directiva.

En cumprimento do disposto no artigo 15 da Directiva 2006/123/CE avalíáronse os requirimentos desta norma que se precisan para obter a autorización, constatándose que todos eles cumpren coas condicións de non-discriminación, necesidade e proporcionalidade a que se refire o seu artigo 15.3º. Non supoñen discriminación en razón de nacionalidade, por seren os requisitos iguais para todas as empresas calquera que for a súa procedencia, non sendo os requirimentos administrativos elementos que poidan inducila a deixar de prestar este servizo neste estado membro. Respéctanse os principios de necesidade e proporcionalidade, sendo preciso o réxime de autorizacións para realizar a comprobación dos medios técnicos mínimos que garantan a seguranza industrial para protexer a saúde e seguranza dos usuarios destas instalacións, non podendo conseguirse de xeito menos restritivo.

O requisito de dispoñer dun número mínimo de empregados co carné profesional en instalacións tér-

micas de edificios proporcional ao número de operarios que forman parte do cadro de persoal da empresa xustifícase plenamente pola necesidade de cumprir cuns requisitos técnicos e humanos mínimos. Por outra banda, a renovación da autorización encóntrase suxeita soamente ao cumprimento continuo dos requisitos da propia autorización.

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencias exclusivas en materia de industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado, segundo queda recollido no artigo 30.2º do seu Estatuto de autonomía, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.

Como consecuencia do devandito e por proposta do director xeral de Industria, Enerxía e Minas,

DISPOÑO

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é a modificación da Orde do 27 de decembro de 2000 da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para a instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguranza industrial, adaptándoa ás exixencias do Regulamento de instalacións térmicas en edificios (RITE, Real decreto 1027/2007, de 20 de xullo) recentemente publicado.

Artigo 2º.-*Carnés profesionais en instalacións térmicas de edificios.*

Modifícase o anexo I da Orde do 27 de decembro de 2000, nas epígrafes de instalador de calefacción e auga quente sanitaria, instalador de climatización, mantedor de calefacción e auga quente sanitaria e mantedor de climatización, que queda redactado como segue:

* Carné profesional en instalacións térmicas de edificios.

Todos os aspirantes deberán ser maiores de idade e, segundo os casos, terán que superar un exame ante o órgano competente da comunidade autónoma sobre coñecementos do RITE.

1. Obtención do carné en instalacións térmicas en edificios SEN exame: poderán obter o carné sen exame, logo de solicitude, os aspirantes que se achen nalgunha das seguintes situacións:

a) Os técnicos titulados competentes, con atribucións específicas en materias reguladas por este RITE.

b) Os interesados que estean en posesión do título de técnico superior en mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso ou do título de técnico en montaxe e mantemento de instalacións e produción de calor correspondentes á formación profesional de grao superior e medio, respectivamente, e poidan demostrar unha experiencia laboral de, polo menos, un ano nunha empresa instaladora ou mantedora autorizada como técnico oficial. Para o

cálculo da experiencia laboral só se terán en conta os últimos cinco anos contados desde a data de presentación da solicitude.

2. Cando os aspirantes non se achen nalgunha das situacións indicadas na alínea anterior, deberán superar un exame ante o órgano competente da Comunidade Autónoma sobre coñecementos deste regulamento. Para seren admitidos á realización do exame terán que cumprir algunha das seguintes condicións:

a) Estar en posesión do título de técnico superior en mantemento e montaxe de instalacións de edificios e procesos ou do título de técnico en montaxe e mantemento de instalacións e produción de calor correspondentes á formación profesional de grao superior e medio, respectivamente.

b) Ter recibido e superado un curso teórico e práctico de coñecementos básicos e outro de coñecementos específicos en instalacións térmicas en edificios, impartido por unha entidade recoñecida segundo o establecido no artigo 3º desta orde, coa duración e o contido indicados nos números 3.1 e 3.2 do apéndice 3 do RITE, e ademais, demostrar unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos nunha empresa instaladora ou mantedora coma técnico oficial. Para o cálculo da experiencia laboral só se terán en conta os últimos dez anos contados desde a data de presentación da solicitude.

Para obter o carné, os solicitantes remitirán ante a delegación provincial da consellería competente en materia de industria a correspondente solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I a esta orde.

Artigo 3º.-*Entidades recoñecidas.*

As entidades de formación que desexen impartir os cursos mencionados no artigo anterior deberán ser autorizadas pola consellería competente en materia de industria conforme o establecido na Orde do 27 de decembro de 2000.

Para obter a autorización, as entidades de formación remitirán ante a dirección xeral competente en materia de industria a solicitude que figura como anexo II a esta orde debidamente cuberta e acompañada da documentación que nela se exige.

Artigo 4º.-*Empresas autorizadas de instalacións térmicas en edificios.*

Modifícase o anexo II da Orde do 27 de decembro de 2000 nas epígrafes de empresa instaladora de calefacción e auga quente sanitaria, empresa instaladora de climatización, empresa mantedora de calefacción e auga quente sanitaria e empresa mantedora de climatización, que queda redactado como segue:

* Empresa instaladora autorizada.

A montaxe e reparación das instalacións térmicas será realizada por empresas que posúan a autorización e se encontren rexistradas como empresa instaladora autorizada.

As empresas interesadas deberán presentar na delegación provincial correspondente da consellería

competente en materia de industria a solicitude de autorización ou a renovación da autorización que figura como anexo III a esta orde, debidamente cuberta e acompañada da documentación que nela se exige.

Para a obtención do certificado de rexistro de empresa instaladora autorizada de instalacións térmicas en edificios, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

-Estar en posesión do carné profesional en instalacións térmicas en edificios. As empresas deberán contar no seu cadro de persoal como mínimo cun empregado con carné por cada 10 operarios ou fracción.

-Dispor dos medios técnicos necesarios para o exercicio da súa actividade que incluírán equipamentos que permitan realizar todas as probas, medicións, análises e demais operacións de control que o RITE establece. Estes medios deberán dispor de rexistro de lecturas e impresión de ticket cos resultados.

-Estar dado de alta no imposto de actividades económicas.

-Estar dados de alta no réxime xeral da Seguranza Social ou no especial de autónomos segundo corresponda.

-Dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha contía mínima de 300.000 euros actualizada segundo o IPC. Para demostrar o cumprimento deste punto achegarase certificado segundo o modelo do anexo III.a desta orde.

-Estar inscrita no Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia.

A autorización de empresa instaladora terá unha validez de cinco anos, sempre que se manteñan as condicións que permitiron a súa concesión, e deberá ser renovada antes de que finde o dito prazo, para o que se presentará a solicitude incluída no anexo III desta orde debidamente cuberta e asinada, acompañada da documentación que se cita no dito anexo.

As empresas teñen a obriga de notificar á delegación provincial da consellería competente en materia de industria as altas e baixas do persoal con carné no prazo dun mes.

* Empresa mantedora autorizada.

O mantemento e a reparación das instalacións térmicas será realizado por empresas que posúan a autorización e se encontren rexistradas como empresa mantedora autorizada.

As empresas interesadas deberán presentar na delegación provincial correspondente da consellería competente en materia de industria a solicitude de autorización ou renovación da autorización que figura como anexo III a esta orde debidamente cuberta, e acompañada da documentación que nela se exige.

Para a obtención do certificado de rexistro como empresa mantedora autorizada de instalacións térmicas en edificios será necesario cumprir os seguintes requisitos:

-Estar en posesión do carné de profesional en instalacións térmicas en edificios. As empresas deberán con-

tar no seu cadro de persoal como mínimo cun empregado con carné por cada 10 operarios ou fracción.

-Dispor dos medios técnicos necesarios para o exercicio da súa actividade, que incluírán equipamentos que permitan realizar todas as probas, medicións, análises e demais operacións de control que o RITE establece. Estes medios deberán dispor de rexistro de lecturas e impresión de tickets cos resultados.

-Estar dado de alta no imposto de actividades económicas.

-Estar dados de alta no réxime xeral da Seguranza Social ou no especial de autónomos segundo corresponda.

-Dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha contía mínima de 300.000 euros actualizada segundo o IPC. Para demostrar o cumprimento deste punto achegarase certificado segundo o modelo do anexo III.a desta orde.

-Estar inscrita no Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia.

A autorización de empresa mantedora terá unha validez de cinco anos, sempre que se manteñan as condicións que permitiron a súa concesión, e deberá ser renovada antes de que finde o dito prazo, para o que se presentará a solicitude incluída no anexo III de esta orde debidamente cuberta e asinada, acompañada da documentación que se cita no dito anexo.

As empresas teñen a obriga de notificar á delegación provincial da consellería competente en materia de industria as altas e baixas do persoal con carné no prazo dun mes.

Disposición adicional

Modifícase o artigo 12 da Orde do 27 de decembro do 2000, que queda redactado como segue:

O rexistro de empresas instaladoras, mantedoras ou reparadoras exixido pola regulamentación de seguranza industrial será único e válido para toda a Comunidade Autónoma. A inscrición, modificación ou baixa no dito rexistro será realizada polas delegacións provinciais competentes en materia de industria.

As empresas se inscribirán no rexistro na delegación provincial en que teñan a súa razón social, e poderán exercer a súa actividade en calquera provincia da Comunidade Autónoma de Galicia, sen necesidade de facer comunicación de inicio de actividade ás delegacións provinciais subseguintes, salvo que así o estableza a normativa específica que desenvolve os regulamentos de seguranza industrial.

Disposicións transitorias

Primeira.-*Validación de carnés profesionais.*

As persoas que á entrada en vigor do regulamento estean en posesión de todos os carnés profesionais establecidos no artigo 15 do antigo Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1751/1998, do 31 de xullo, nas dúas categorías, carné de instalador (CI) e carné de mantedor (CM) e nas dúas especialidades, A (calefac-

ción e auga quente sanitaria) e B (climatización), validaráselles de oficio polo carné profesional en instalacións térmicas en edificios contemplado no artigo 41 do novo Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE).

As persoas que á entrada en vigor do regulamento estean en posesión dalgún dos carnés profesionais establecidos no artigo 15 do antigo Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1751/1998, de 31 de xullo, poderán validalo polo carné profesional en instalacións térmicas en edificios contemplado no artigo 41 do novo Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE).

Para obter a validación remitirán ante a delegación provincial da consellería competente en materia de industria a correspondente solicitude, segundo o modelo que figura como anexo IV a esta orde, despois de recibir e superar un curso de formación teórico-práctico impartido por unhas das entidades recoñecidas ao abeiro do artigo terceiro desta orde, segundo a seguinte fórmula:

-Os que dispoñan de CIA e/ou CIB deberán realizar o curso especificado no punto A 3.3.1 do apéndice 3 do novo RITE.

-Os que dispoñan de CMA e/ou CMB deberán realizar o curso especificado no punto A 3.3.2 do apéndice 3 do novo RITE.

-Os que non estean nalgún dos casos anteriores deberán realizar o curso especificado no punto A 3.3.2 do apéndice 3 do novo RITE.

O prazo para solicitar a validación rematará aos tres anos da data de entrada en vigor desta orde. Transcorrido o dito prazo, non se poderán efectuar validacións de carnés antigos, aínda que seguirán tendo vixencia nas condicións en que foron emitidos e poderán ser renovados ao seu vencemento.

Segunda.-*Empresas autorizadas.*

As empresas autorizadas na data de entrada en vigor desta orde manterán a súa condición ata a finalización do período de validez da autorización.

Finalizado o período de validez da autorización, poderán solicitar a renovación, para o que deberán acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 4º desta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da dirección xeral competente en materia de industria para modificar os anexos contidos nesta orde, así como para ditar cantos actos sexan necesarios para a súa aplicación.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria



ANEXO I

PROCEDEMENTO INSCRIPCIÓN NAS PROBAS - EXPEDICIÓN/ RENOVACIÓN DO CARNÉ PROFESIONAL EN INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN613D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		NIF / CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA			
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR SEGUNDO O TIPO DE EXPEDICIÓN

 PRIMEIRA EXPEDICIÓN

1. PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ EN INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS SEN EXAME

TÉCNICOS TITULADOS CON ATRIBUCIÓNS EN MATERIAS REGULADAS POR ESTE RITE

- DNI
 2 FOTOS
 TITULACIÓN
 FICHA DE RECOLLA DE SINATURA
 XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. (CLAVE 32.07.01)

TITULADOS DE FP CON FORMACIÓN SUFICIENTE NAS MATERIAS REGULADAS POR ESTE RITE

- DNI
 2 FOTOS
 TITULACIÓN
 CERTIFICADO DE ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA LABORAL DE POLO MENOS UN ANO NUNHA EMPRESA INSTALADORA OU MANTEDORA COMO TÉCNICO OFICIAL
 CERTIFICADO DE VIDA LABORAL
 FICHA DE RECOLLIDA DE SINATURA
 XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. (CLAVE 32.07.01)

2. PARA A INSCRIPCIÓN NAS PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ EN INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS

TITULADOS DE FP CON FORMACIÓN SUFICIENTE NAS MATERIAS REGULADAS POR ESTE RITE

- DNI
 2 FOTOS
 TITULACIÓN
 CERTIFICADO DO CURSO SOBRE COÑECEMENTOS BÁSICOS E COÑECEMENTOS ESPECÍFICOS EN INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS IMPARTIDO POR UNHA ENTIDADE RECOÑECIDA
 XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. (CLAVE 32.07.01)

- DNI
 2 FOTOS
 TITULACIÓN
 CERTIFICADO DO CURSO SOBRE COÑECEMENTOS BÁSICOS E COÑECEMENTOS ESPECÍFICOS EN INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS IMPARTIDO POR UNHA ENTIDADE RECOÑECIDA
 CERTIFICADO DE ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA LABORAL DE POLO MENOS TRES ANOS NUNHA EMPRESA INSTALADORA OU MANTEDORA COMA TÉCNICO OFICIAL
 XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. (CLAVE 32.07.01)

 RENOVACIÓN

- CARNÉ PROFESIONAL EN INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS
 2 FOTOS
 FICHA DE RECOLLA DE SINATURA
 XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. (CLAVE 32.07.02)

A DOCUMENTACIÓN QUE NON SEXA ORIXINAL DEBERÁ ATOPARSE DEBIDAMENTE COMPULSADA

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios.</i> <i>Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para a instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguranza industrial.</i>	(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
	RECIBIDO	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA	Lugar e data		
	, de de 200		

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación e Industria en



ANEXO II

PROCEDIMENTO AUTORIZACIÓN / RENOVACIÓN / MODIFICACIÓN DE ENTIDADES AUTORIZADAS PARA IMPARTIR CURSOS PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ PROFESIONAL EN INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN648A	DOCUMENTO SOLICITUDE <i>Páxina 1 de 2</i>
---	---	--

DATOS DO/ A SOLICITANTE

NOME / TITULAR		NIF	Nº REGISTRO NA DXIEM	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
NA SÚA REPRESENTACIÓN			NIF/CIF	

LISTA DOS LOCAIS

ENDEREZO DO LOCAL	CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO	FORMACIÓN TEÓR. PRÁC.	EMPRESA TITULAR	CIF
				<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>		
				<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>		
				<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>		
				<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>		

SE O NÚMERO É MAIOR PRESENTARASE LISTA APARTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> (A)UTORIZACIÓN <input type="checkbox"/> (R)ENOVACIÓN <input type="checkbox"/> (M)ODIFICACIÓN DE MEDIOS <input type="checkbox"/> (B)AIXA	A	R	M	B
<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE E XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO SEU PODER DE REPRESENTACIÓN.	x	x	x	x
<input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRIPTIVA NA QUE CONSTE O ÁMBITO XEOGRÁFICO DE ACTUACIÓN.	x		O QUE REFLECTA A MODIFICACIÓN	
<input type="checkbox"/> TIPO DE CURSOS QUE SE VAN DESENVOLVER E PROGRAMA TEÓRICO PRÁCTICO.	x			
<input type="checkbox"/> CURRÍCULUM VITAE, TITULACIÓNS E CARNÉS PROFESIONAIS DOS DOCENTES.	x			
<input type="checkbox"/> MEDIOS MATERIALES COS QUE CONTA PARA O DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS.	x			
<input type="checkbox"/> METODOLOXÍA DE ENSINO E AVALIACIÓN.	x			
<input type="checkbox"/> EXPERIENCIA ANTERIOR NA IMPARTICIÓN DE CURSOS.	x			
<input type="checkbox"/> TÁBOA DE TARIFAS.	x			
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN ASINADA POLA PERSOA RESPONSABLE NA QUE SE FAGA CONSTAR QUE SE SEGUEN CUMPRINDO AS CONDICIÓNS QUE TIÑAN NO MOMENTO DA SÚA INSCRICIÓN OU RENOVACIÓN ANTERIOR.		x		
<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. A, clave: 32.07.07 R, clave: 32.07.14 M, clave: 30.02.00 B, libre de taxas	x	x	x	

A DOCUMENTACIÓN QUE NON SEXA ORIXINAL DEBERÁ ATOPARSE DEBIDAMENTE COMPULSADA.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios.

Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e existencias a empresas autorizadas para a instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguranza industrial.

SINATURA DO/A TITULAR OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data _____, de _____ de 2000

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA



ANEXO III

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN/RENOVACIÓN DE EMPRESAS INSTALADORAS OU MANTEDORAS DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN609E	DOCUMENTO SOLICITUDE Páxina 1 de 2
---	---	---

DATOS DO /DA SOLICITANTE

NOME / TITULAR				NIF / CIF	
ENDEREZO				PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
NA SÚA REPRESENTACIÓN				NIF / CIF	
ACTIVIDADES QUE AMPARA				EPÍGRAFES DA LICENCIA FISCAL	
Nº REGISTRO INDUSTRIAL		Nº PATROAL DA SEGURIDADE SOCIAL		Nº REGISTRO DE EMPRESAS AUTORIZADAS	

TIPO DE EMPRESA

INSTALADORA DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS
 MANTEDORA DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS

EN CASO DE QUE DESEE OBTER A AUTORIZACIÓN OU A RENOVACIÓN EN MÁIS DUN TIPO DE EMPRESA, DEBERÁ PRESENTAR SOLICITUDES SEPARADAS.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

AUTORIZACIÓN	RENOVACIÓN
<input type="checkbox"/> Tarxeta de identificación fiscal da empresa <input type="checkbox"/> DNI do representante da empresa <input type="checkbox"/> Xustificante de estar incluído no censo de obrigados tributarios ou no seu caso, no do Imposto de Actividades Económicas (IAE) no epígrafe correspondente <input type="checkbox"/> Xustificante de alta da empresa na Seguridade Social ou no réxime especial de autónomos, no seu caso <input type="checkbox"/> Carnés dos instaladores que declara que o posúen <input type="checkbox"/> Acreditar a disposición dos medios técnicos suficientes <input type="checkbox"/> Certificado de ter cuberta a responsabilidade civil <input type="checkbox"/> Xustificante de estar inscrita no Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia <input type="checkbox"/> Xustificante de pagamento de taxas. Clave: 32.07.17.	<input type="checkbox"/> Últimos TC1 e TC2 da Seguridade Social ou xustificante de cotización ao réxime especial de autónomos, no seu caso <input type="checkbox"/> Declaración de que seguen cumprindo todos os condicionantes técnicos e humanos que deron pé á autorización inicial <input type="checkbox"/> Certificado de ter cuberta a responsabilidade civil <input type="checkbox"/> Xustificante de pagamento de taxas. Clave: 32.07.18
	INSCRIPCIÓN DESDE OUTRA COMUNIDADE AUTÓNOMA <input type="checkbox"/> Certificado de rexistro na comunidade de orixe <input type="checkbox"/> Certificado de que nin a empresa nin os posuidores de carné que declara se atopan sancionados <input type="checkbox"/> Xustificante de pagamento de taxas. Clave: 32.07.18

A DOCUMENTACIÓN QUE NON SEXA ORIXINAL DEBERÁ ATOPARSE DEBIDAMENTE COMPULSADA

OBSERVACIÓNS

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados ao ficheiro asociado para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios.</i> <i>Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para a instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguranza industrial.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA Lugar e data		

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación e Industria en

ANEXO III.a

CERTIFICADO DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

DATOS DA EMPRESA ASEGURADORA			
NOME / TITULAR			NIF / CIF
ENDEREZO		TELÉFONO	FAX
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	
NA SÚA REPRESENTACIÓN			NIF./ CIF
COMO <input type="checkbox"/> EMPRESA OU ENTIDADE ASEGURADORA <input type="checkbox"/> AXENTE DE SEGUROS / SOCIEDADE AXENTES DE SEGUROS <input type="checkbox"/> CORREDOR DE SEGUROS / SOCIEDADE CORREDURÍA SEGUROS			

CERTIFICA que a empresa

DATOS DA EMPRESA ASEGURADA			
NOME DA ENTIDADE		CÓDIGO DE REXISTRO NA DXIEM	NIF / CIF
ENDEREZO			
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

Ten subscrito o seguinte seguro de responsabilidade civil

DATOS DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL		
Nº DE PÓLIZA:	ENTIDADE ASEGURADORA	
CONTÍA DA POLIZA (1)	DATA DE ENTRADA EN VIGOR	DATA DO FIN DA COBERTURA
(1) A contía mínima será de TRESCENTOS MIL EUROS (300 000 €) , debendo ser actualizada anualmente de acordo coas variacións do índice xeral de prezos de consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatística. Para o cálculo terase en conta que a contía foi establecida polo Real decreto 10207/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, que entrou en vigor o 1 de marzo de 2008.		

SINATURA DO REPRESENTANTE DA EMPRESA ASEGURADORA de de 20....	SELO DA ENTIDADE ASEGURADORA
--	------------------------------

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación e Industria en.....

ANEXO IV



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

SOLICITUDE DE VALIDACIÓN DE CARNÉS PROFESIONAIS CONTEMPLADOS NO ANTIGO RITE
(RD 1751/1998, DE 31 DE XULLO) POLO NOVO CARNÉ DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE
EDIFICIOS

(Apartado 3 da Disposición Transitoria Terceira do R.D. 1027/2007)

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		NIF/CIF	
ENDEREZO					
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO		PROVINCIA	TELÉFONO	

EN POSESIÓN DOS CARNÉS

<input type="checkbox"/> CIA (Instalador especialidade A) <input type="checkbox"/> CIB (Instalador especialidade B) <input type="checkbox"/> CMA (Mantedor especialidade A) <input type="checkbox"/> CMB (Mantedor especialidade B)
--

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

<input type="checkbox"/> DNI. <input type="checkbox"/> CARNÉ/S QUE POSÚE <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DO CURSO/S DE VALIDACIÓN <input type="checkbox"/> 2 FOTOS. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. (CLAVE 32.37.02.)

A DOCUMENTACIÓN QUE NON SEXA ORIXINAL DEBERÁ ENCONTRARSE DEBIDAMENTE COMPULSADA

OBSERVACIÓNS:

OBSERVACIÓNS:

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios.

Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para a instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguranza industrial.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU DA PERSOA QUE O/A REPRESENTA

..... de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE:

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación e Industria en.....